

O día 19/01/05, no Colexio de Médicos de Santiago, tivo lugar unha xuntaza das organizacións que compoñen o "Acordo Unitario por unha Carreira Profesional Digna", as coordinadoras de facultativos dos hospitais, os sindicatos CIG, CCOO, CSIF, OMEGA e UGT, así como unha delegación dos Colexios de Médicos.

As **PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS da xuntanza** foron as seguintes:

1.- Os Colexios de Médicos se incoporan plenamente ao "Acordo", subcriben os 10 puntos do documento "Puntos Básicos da Carreira Profesional dos Facultativos do SERGAS", e apoiarán activamente as mobilizacións previstas para o 27/01/2004. Deste xeito o novo Acordo Unitario pasa a ter tres piares: a Coordinadora Galega de Facultativos dos Hospitais (CGFH), os Sindicatos, e o Consello Galego de Colexios de Médicos.

2.- A nova proposta do SERGAS, se ben se recoñece que contén melloras respecto á proposta anterior, sigue estando lonxe do reclamado polo Acordo Unitario, polo que **non se considera aceptábel a nova proposta e se manteñen as mobilizacións** previstas para o día 27/01/2004. Os sindicatos que están no Acordo defenderán esta posición na xuntanza da mesa sectorial que se celebrará a próxima semana. Por outra banda, desde as coordinadoras nso comprometimos a seguir e intensificar a difusión das bases do acordo, a campaña de recollida de sinaturas, a colocación de carteis e a realización de assembleas nos hospitais nos días previos ao 27.

3.- Hoxe pola tarde, ás 17,30 horas, no Colexio de Médicos de Santiago, haberá unha **rolda de prensa** para a presentación do novo Acordo Unitario, froito da inclusión do Consello Galego dos Colexios de Médicos, para informar a sociedade de que os facultativos galegos estamos unidos na defensa dunha CP digna e non consideramos aceptábel a última proposta do SERGAS, así como para dar a coñecer públicamente as mobilizacións previstas para o día 27. Os sindicatos propuseron que a rolda de prensa fora presentada polos representantes das coordinadoras e dos colexios.

4.- Os Colexios de Médicos enviarán, entre hoxe e mañá, **cartas persoais a todos os colexiados** nas que se incluírá un escrito explicando a integración dos Colexios no Acordo Unitario, o documento cos 10 puntos e a carátula para a recollida de firmas, así como información dos actos organizados nos locais das sectoriais dos colexios sobre a CP, nos próximos días.

5.- Nos días previos ao 27, os Colexios organizarán **xuntanzas de facultativos, nos locais de todas as sectorias**, para debater sobre a CP e sobre os motivos das mobilizacións do día 27. Previamente, desde os Colexios, se enviará a información sobre esas xuntanzas aos medios de comunicación locais e se lle comunicará a todos os colexiados, mediante a carta persoal mencionada no punto anterior.